

ORDENANZA FISCAL NÚM. 39

CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1.

En virtude da autorización contida no **número 17 do artigo 10 do Real decreto 3.250/1.976 de 30 de decembro**, o Excmo. Concello de Vilalba, establece a **Ordenanza reguladora das taxas polas concesións administrativas para efectuar enterramentos no Cemiterio municipal**.

Artigo 2.

A obriga de contribuír nace polo feito de outorgar a concesión administrativa que fora dictada. Será suxeito pasivo destas taxas, as persoas a cuxo favor se expediran o título de concesión.

Artigo 3.

Non se establecen exencións, salvo os enterrados na terra a que fai referencia o artigo seguinte. Igualmente concederáse as reducións que se sinalan no **artigo 4**.

Artigo 4.

As bases e tarifas das concesións no Cemiterio serán as seguintes:

- Urnas de 3 sepulturas con corredor lateral e osario, en profundidade e medida segundo planos.....**2.300€**.
- Urnas de 3 sepulturas sen corredor lateral e osario, en profundidade e medida segundo planos.....**1.500€**.

Pola **ocupación temporal** de sepulturas por período de 5 anos, levarase a cabo despois da solicitude de quen corresponda, e ascenderá á cantidade de **500€** polo período completo.

Artigo 5.

O pago efectuarase contra a entrega do título da concesión. A retirada deste, das Oficinas municipais, efectuarase dentro do prazo de quince días contados a partir do seguinte, ao que fóra notificado o otorgamento da concesión.

Artigo 6.

Esta Ordenanza, que foi aprobada polo Excmo. Concello en sesión de 9 de marzo de 1.981, modificada polo pleno do 17 de novembro de 2006, e seguirá en vigor, en tanto que non se modifique polo Excmo. Concello Pleno, ou por disposición de carácter xeral.